

Informe Cuadrimestral nº 56 (xaneiro-abril 2023)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de xaneiro a abril de 2023 relacionados coa ETSE. Neste período celebráronse dúas Xuntas de Escola extraordinarias o 17 de xaneiro e o 18 de abril de 2023 e unha ordinaria o 7 de febreiro de 2023

Persoal

3 de xaneiro. Cese como director do Departamento de Electrónica e Computación de Antonio Gómez Loureiro e do secretario Manuel Lama Penín.

4 de xaneiro. Nomeamento de Manuel Lama Penín como novo director do departamento de Electrónica e Computación e de Juan C. Pichel Campos como novo secretario.

1 de febreiro. Roi Santos Mateos asinou un contrato como profesor interino de substitución da área de coñecemento de linguaxes e sistemas informáticos.

14 de febreiro. Álvaro Vázquez Álvarez asinou contrato como profesor axudante doutor da área de coñecemento de linguaxes e sistemas informáticos.

17 de febreiro. Andrea Rey Presas asinou contrato como profesora interina de substitución da área de coñecemento de linguaxes e sistemas informáticos.

20 de febreiro. Elisardo Antelo Suárez cesou por xubilación no seu posto como profesor da área de coñecemento de arquitectura e tecnoloxía de computadores.

1 de marzo. Toma de posesión como Responsable de asuntos económicos de Manuela Muñoz Sagasta.

1 de marzo. Nomeamento como funcionario interino na praza de Responsable Administrativo do departamento de Enxeñaría Química de Juan Carlos Araujo Cereijo tralo cese de M^a Rosario Nores Portela.

10 de marzo. Gustavo Rivas Gervilla asinou contrato como profesor axudante doutor da área de coñecemento de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial.

10 de marzo. Fernando Estévez Casado cesou no seu contrato como profesor interino de substitución da área de coñecemento de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial.

10 de marzo. Cese de Antonio Lorenzo Barral, auxiliar de servizos de Conserxería

en quenda de tarde por reincorporación de Jesús Sánchez Lojo.

15 de marzo. Incorporación á ETSE como Coordinador de Apoio á Docencia e Investigación de Rosendo Millán Lence.

24 de abril. Ramón Felipe Moreira Martínez obtivo a praza de Catedrático de Universidade da área de Enxeñaría Química

Asuntos académicos

26 de xaneiro. Aprobación polo Consello de Goberno dos premios extraordinarios de grao e máster correspondentes ao curso 2020-21:

- Grao en Enxeñaría Química:

- José Luis Ares Sainz
- Uxía Mata Rivas

- Grao en Enxeñaría Informática:

- Pablo Monteagudo Lago
- Manuel Bendaña Gómez

- Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental:

- Sofía Gunturiz Paradela

- Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos:

- Adrián Agraso Otero

- Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de datos Masivos: Big Data:

- Jesús Gómez Álvarez

- Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións

- Álvaro Goldar Dieste

-Máster Universitario en Visión por Computador

- Irene María Pintos Castro

27 de xaneiro. Presentación dos TFG dos finalistas da IV Edición do Altia Premia TFG ETSE.

6 de febreiro. Defensa de TFM do Máster de Computación de Altas Prestacións.

7 de febreiro. Asignación definitiva de prazas do programa Erasmus 2023-24.

9 de febreiro. Defensa de TFM do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

14 de febreiro. Defensa de TFM do Máster en Enxeñaría Ambiental.

15 de febreiro. Ainhoa Vivel Couso obtén o premio ao mellor TFG 2023 do Grao en Enxeñaría Informática convocado pola empresa Altia, na súa IV edición.

16 de febreiro. Defensa de TFM do Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data.

16 de febreiro. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Química e do Grao en Enxeñaría Informática.

17 de febreiro. Defensa de TFM do Máster de Visión por Computador.

1 de marzo. Entrega dos Premios á Calidade Lingüística Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Mestrado (TFM) pertencentes ao curso 2021-2022.

En Enxeñaría e Arquitectura, concedéronse mencións aos TFG *Ferramenta de clasificación da vexetación semiautomática a través de LiDAR*, de Andrea Blanco Pérez; e *Sistema de rastrexo para a obtención de datos de adestramento para a detección de desinformación online*, de Víctor Xesús Barreiro Domínguez. (alumnado de Grao en Enxeñaría Informática). En Enxeñaría e Arquitectura, premiouse o TFM *Recuperación de ácidos graxos de pasta de refino de aceite de xirasol mediante desdoblamento*, de Ricardo Pazos do Muíño (alumno do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos).

3 de marzo. Acto de graduación da IX Promoción do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos, sendo madriña a profesora Anuska Mosquera Corral.

17 de marzo. Convocatoria de prácticas en empresa para o estudiantado do Máster en Visión por Computador.

17 de marzo. Charla informativa ó alumnado do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos sobre as prácticas en empresa e o TFM a realizar no curso 2023-2024, a cargo Julia González, coordinadora do módulo 5 deste máster.

27 de marzo. Convocatoria de prácticas en empresa para o período de verán para o estudiantado do Grao en Enxeñaría Química e Grao en Enxeñaría Informática.

30 de marzo. Aprobación polo Consello de Goberno dos premios extraordinarios de doutoramento, curso 2020-21: Jorge Alberto Suárez Garea “Técnicas baseadas en Deep Learning para a clasificación en tempo real de imaxes hiperespectrais”.

10 de abril. Entrega da mención de Excelencia ao Máster en Computación de Altas Prestacións outorgada pola Xunta de Galicia. O reitor da USC, Antonio López, participou no acto de entrega desta mención que acredita o nivel académico e a solvencia científico-técnica dos estudos, o que supón unha garantía de futuro para o estudiantado.

13 de abril. Día da Escola:

Apertura do acto D. Gumersindo Feijoo Costa, Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela.

Intervención de Dona Julia González Álvarez, Directora da ETSE

Memoria de Actividades da Escola no curso 2021-22 D. Óscar Rodríguez Figueiras, Secretario da ETSE.

Entrega de Premios: Extraordinarios Fin de Carreira, Mellores Expedientes, Mellores TFG e TFM, Calidade Lingüística de TFG e TFM.

Ponencia "Alterxogos para o videomundo" Luz Castro Pena. co-fundadora e membro do equipo directivo de imaxin|software.

Presentación do Premio Ángela Ruiz Robles á Excelencia Docente e Investigadora, Dona Paula López Martínez, Directora Adxunta do CITIUS.

Entrega de Premios: Leonardo á Docencia e á Investigación, Ángela Ruiz Robles á Excelencia Docente e Investigadora, Altia ao mellor TFG no Grao en Enxeñaría Informática, Cátedra Institucional de Transición Enerxética Genesal Energy da USC aos mellores TFG e TFM sobre transición enerxética, ViAQUA ao mellor TFM no

Máster en Enxeñaría Ambiental, DXC ao mellor TFM no Máster en Tecnoloxías de Análise de Masivos: Big Data.

Actividades

9 a 20 de xaneiro. Exposición na Biblioteca da ETSE “Mulleres enxeñeiras de éxito” para dar a coñecer o papel e relevancia de 26 mulleres enxeñeiras ao longo da historia.

25 de xaneiro. Xornadas de presentación de Másteres organizadas pola Oficina de Captación Internacional na que participaron os coordinadores dos másteres da ETSE.

31 de xaneiro a 2 de febreiro. Xornadas dos Encontros do programa “A Ponte” co alumnado de bacharelato.

16 de febreiro. Con motivo do 11 F, Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia a Comisión de Igualdade da ETSE organizou a conferencia titulada “**O Telescopio Espacial James Webb: ollando cara atrás no tempo**” impartida por **M^a Begoña Vila Costas**, Enxeñeira de Sistemas de Instrumentación na NASA Goddard Space Flight Centre. A ponente é unha astrofísica viguesa e egresada da USC, condecorada pola NASA coa medalla Exceptional Public Achievement en 2016, gañadora do premio M^a Josefa Wonenburger Planells e parte da lista Forbes das 100 mulleres máis influentes en España.

2 de marzo. Evento con Google e Mercadona IT. O Director de Enxeñaría de Mercadona expón como utilizan a nube nunha gran compañía como a súa.

8 de marzo. Lectura do manifesto 8M-RUIGEU pola Directora da ETSE. Presentación do Póster: A Enxeñaría vista con ollos de muller.

23 de marzo. Conferencia: Desafíos das políticas dixitais da Xunta de Galicia. Julián Cerviño Iglesia, Director de AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia).

12 de abril. Persoal de AENOR visita a Escola para realizar a auditoría do sistema de xestión de Seguridade e Saúde na ETSE (norma ISO 45001).

18 de abril. PROXECTO RES4VALOR Piloto de compostaxe no Campus Vida. Charla a cargo de SOGAMA na que se fala do proxecto e da acción piloto na ETSE, da xestión dos residuos orgánicos e da compostaxe industrial e doméstica.

12 de abril. Charla do Programa a Ponte: Aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñaría ambiental en Galicia, a cargo do profesor Francisco Omil Prieto no I.E.S. Monterroso (Lugo)

14 abril. Charla do Programa a Ponte: A necesidade de andar separando: procesos de separación na industria química”, a cargo do profesor Héctor Rodríguez Martínez, no I.E.S. A Sardiñeira (A Coruña)

19 a 20 de abril. Alumnado dos Graos de Intelixencia Artificial e Enxeñaría Informática da USC pon en marcha, co apoio da ETSE e do CiTIUS, a primeira edición das 'Xornadas de Aprendizaxe' un encontro para a difusión do traballo investigador que se desenvolve en materia de intelixencia artificial. Judit González e Mateo Bodenlle organizan este foro.

Alejandro Catalá, profesor axudante doutor en Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da USC, abre o mércores 19 de abril ás 16.30 horas un amplo programa de conferencias, coas intervencións de María Bobillo, directora da Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación en Amtega; Juan Jesús Romero Cardalda, fundador e Photollike.com e profesor asociado en Ciencias da Computación no CITIC da Universidade da Coruña; e Marta Nuñez, investigadora posdoutoral do CiTIUS especializada en procesamento da imaxe médica.

A segunda sesión o xoves 20 de abril conta coa participación de José M^a Alonso, profesor en Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da USC; Aldán Creo, investigador de NLP no CiTIUS e desenvolvedor de software; Óscar Cordón, catedrático e integrante do departamento de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade de Granada; Senén Barro, director do CiTIUS; e Noemí Rodríguez, directora executiva e cofundadora de Himikode | FoodTech.

28 de abril. II edición galega do Concurso de Programación Ada Byron.

Aula Profesional

31 de xaneiro. Xornada de Investigación en Enxeñaría Química. Organizada por Héctor Rodríguez Martínez do departamento de Enxeñaría Química.

2 de febreiro. Actividades formativas de Google e Mercadona: “Data Analyst” e “Associate Cloud Engineer”.

8 e 27 de febreiro. Conversations in the evening: un extraordinario Storytelling. Organizado por ISA e coa participación de Alejandro López Rodríguez (OTS Lead Engineer en AVEVA), Alex Renedo Estévez (Enxeñeiro Químico en dss+), Sofía Rodríguez-Villamil Seoane (Enxeñeira Química en KPMG) e Clara Pastur Valdés (Enxeñeira Química en KPMG). Coordinado pola profesora Isabel Vidal Tato do departamento de Enxeñaría Química.

9 e 23 de febreiro. Curso de redacción de textos científicos. Memorias de prácticas e traballos técnicos. Impartido por Gemma Eibes García do departamento de Enxeñaría Química.

16 e 17 de marzo. Curso de Válvulas de Control. Organizado por ISA e impartido por Antonio Campo López, Profesor-Coordinador do Master ISA/Repsol de Instrumentación e Control. Coordinado pola profesora Isabel Vidal Tato do departamento de Enxeñaría Química.

13, 20 e 27 de abril. Taller de control do estrés, impartido pola profesora Ana López Duran, do Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicolobioloxía.

Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

INFONOVA INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN, S.L. P	Tódalas titulacións da USC
BABEL SIST INFORMACIÓN	Graos e másteres da área de Informática
BENTELER AUTOMOTIVE VIGO	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría
BIOETANOL GALICIA	Tódalas titulacións da USC
CAMPUSDUAL TIC (Asociación Cluster TIC)	Graos e másteres da área de Informática
CODEBIT SYSTEMS	Grao en Enxeñaría Informática
GAIA SOLUCIÓN AMBIENTALS	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría
GALIXESOL	Grao en Enxeñaría Informática e másteres da área de Informática
INDRA PRODUCCIÓN DE SOFTWARE	Tódalas titulacións da USC
INDRA SOLUCIONES TECN INFORMACIÓN	Tódalas titulacións da USC
INTACTA GESTIÓN AMBIENTAL	Tódalas titulacións da USC
PRICEWATERHOUSECOOPERS	Tódalas titulacións da USC
ADVANCED OPTICAL TECHNOLOGY	Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos
MONTAJES MECÁNICOS Y PUESTAS EN MARCHA JR SLU	Tódalas titulacións da USC

Visitas a empresas

29 de marzo. Visita a Sogama do alumnado do Máster en Enxeñaría Ambiental da materia “Xestión e tratamento de residuos” coa profesora M^a Teresa Barral Silva.

28 de abril. Visita a Sogama polos estudantes da materia Enxeñaría Ambiental do Grao en Enxeñaría Química co profesor Francisco Omil Prieto.

28 de abril. Visita a Finsa polos estudantes da materia Tecnoloxías para a valoración de biomasa do Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos, coa profesora Julia González Álvarez.

Outros

10 de abril. USC e IndesIA, a asociación para o impulso da economía do dato e a intelixencia artificial na industria, asinaron un acordo de colaboración que busca promover a formación de profesionais en materias relacionadas con "big data e a Intelixencia Artificial (IA). Deste xeito, impulsarase a formación en novas tecnoloxías do estudantado, a través da realización de diversas actividades como cursos, seminarios ou programas formativos, así como a participación das empresas asociadas de IndesIA para a realización e presentación de casos de uso dentro dos programas desenvolvidos ao abeiro do acordo. Tamén brindará asesoramento en materia de plans de estudo, actividades e proxectos de investigación conxunta, creación de Cátedras e Aulas en materia de IA e do dato, prácticas académicas externas, participación en Feiras de Emprego universitarias, en mesas redondas, ou titorización de TFG e TFM, entre outros.